



Unha ves era un e tiña un preito. E de ter un preito xoghou a un labrador porque o rico é rico. (O que queira chichiar a fóra a min deixádeme...).

Tratoulle unha finca moi ghrande de trigo pra apañar (agora chamanlle seghar aquí chamamoslle apañar é seghar, bueno) E vai o pobre e ... E díxollo rico:

- “Bueno, mira, aghora é día de cortalo trigo, o que más corte más leva. O que máis corte máis leva.”

O probiño andou á xente e non atopou ninguén, déronlle todos palabra pero cheghou o día da corte e non cheghou ninguén. E o rico, María Santísima, cortaba todo e cando ía o pobre, nada. (Cerra a porta ...)

E vai nesta, o pobriño falara cun home, choraba o pobriño choraba:

- “Pois mire, oh. Voucho eu apañar, ti non teñas ansia ningunha que o teu xa cho vou faser eu”.

Vai e fui o rico, tiña así unha fila de seghadoras, fila ghande, e entrou aquel home, solamente fai así co pé.

- “Ras” Monllo apañado, monllo atrás. Monllo apañado, monllo atrás.

Tiveron que marchar a familias, a xente do rico todo, e o pobre levou o trigo.
(...)

E, e despose agharrou e cheghou e de cheghare, cheghou e dixo o de rico:

- “Apartámosvos Dios mío”

E non daba apartado e foi e levou o rico diante tamén, diante da bota.

Así que si Dios é bo, o demo non é malo. O demo ten unha vela de sera, non? Alabéasalle cunha vela de cera e a Dios alumeámoslle ca ioutra.

E eu teño tido desghrasias, teño tido malos pensamentos, de desire:

- “Dios mio, pois se Dios no me quere conceder esto, que sea o demo quen mo conseda.”
Pero se Dios non mo consede o demo tampouco.